



Literatura estradense en Internet

Henrique Neira Pereira

1. Da Estrada á rede

Existen hoxe en día ó redor de tres mil libros de autoras e autores galegos dixitalizados e accesibles total ou parcialmente a través de Internet. En galego, castelán ou calquera outra lingua, son só unha pequena parte dos que se poden descargar legalmente da rede de redes. E ademais destes, hai outros que non sendo producidos en Galicia nin creados por escritores e escritoras da comunidade, teñen certo interese para nós. Sumémoslle a estes os relatos e fragmentos de libros e teremos acceso a unha enorme biblioteca virtual de temas galegos sen saírmos da casa. Entre ese gran número de libros é posible atopar uns cantos de escritoras e escritores estradenses. Este texto pretende ser principalmente unha guía para localizar facilmente en Internet os que xa chegaron á rede mundial.

2. Libros e soportes

Antes de entrar de cheo no eido da literatura dixital estradense non estará de máis facer un repaso sobre como aparecerán presentados os contidos e onde se atoparán. Primeiramente, digamos que as novas

tecnoloxías nos permiten ler libros en diferentes soportes: en papel, na pantalla dun ordenador –de sobremesa ou portátil–, na dun teléfono móbil, na dun asistente dixital persoal, na dos novidosos Ultra Mobile PC (UMPC, máis pequenos que ordenadores portátiles e máis grandes que os asistentes dixitais persoais) ou na de calquera outro dispositivo no cal sexa factible ler un texto gardado en formato electrónico ou dixital, posto que se usan estas dúas palabras indistintamente. E o bo é que a publicación nun soporte non impide que se faga ó mesmo tempo noutros, aínda que os xeitos nos que se consulten os libros en cada un deles non teñen por que ser idénticos.

Un exemplo: na década dos noventa, o Grupo Correo Gallego comezou a publicar unha guía de empresas de Galicia e do Norte de Portugal na que achegaba unha serie de datos sobre un determinado número de compañías, número que foi aumentando cos anos ata chegar ás cinco mil na actualidade no caso das galegas. Nas primeiras edicións, a guía en formato papel publicouse acompañada dun disquete que contiña unha base de datos na cal se podían localizar empregando un ordenador as informacións contidas no tradicional libro, e ademais de modo máis rápido que pasando as páxinas. Pouco despois o disquete foi substituído polo CD-ROM e xa desde o ano 1999 e ata o 2005, ademais de en papel e en CD-ROM os datos podían consultarse na edición dixital de ‘El Correo Gallego’, en www.elcorreogallego.es. Sen dúbida outra boa mostra de como se pode dispoñer a mesma información en catro soportes diferentes: papel, disquete, CD-ROM e Internet. Nesta obra, por certo, aparecen como era de esperar, as empresas estradenses de maior volume de facturación anual.

Esta guía de empresas en versión en papel vendíase nos quioscos e librerías conxuntamente co disquete ou o CD-ROM, mentres que a versión en Internet se podía consultar de balde, financiándose a súa publicación na rede mediante a publicidade colocada no apartado da web do xornal dedicado a ela. Neste caso era de consulta libre pero non de distribución libre. Con todo, na rede son moitos os libros que ademais de ler ou consultar en liña podemos descargar

para calquera dispositivo apropiado e conservalo aí para ler en calquera momento ou imprimilo en papel.

Ademais, calquera persoa cun dispositivo electrónico axeitado conectado á rede –non ten por que ser un ordenador– é quen de converterse en editor ou editora. Só fai falta o equipamento mencionado, o contido a publicar e a vontade de facelo. En Internet encontraranse servidores que permitan aloxar de xeito gratuíto ou case unha web ou o blog e colocar aí o libro para baixar. E o mesmo para promocionalo e conseguir que se lea: facendo uso de servizos de correo electrónico non ha resultar difícil promocionalo. E non é preciso envialo a ningún depósito legal nin solicitar permiso ningún para facelo.

Isto, evidentemente, proporciona unha enorme liberdade, o cal non quere dicir que non haxa que axustarse ás leis vixentes para outras cuestións, por exemplo no referido á protección do dereito á honra das persoas, protección da infancia, lei de propiedade intelectual, etc. Cando publicamos na rede estamos suxeitos ás mesmas normas e leis que cando publicamos en papel, salvo polo feito de que, se non queremos, non temos por que pasar ningún trámite administrativo entre a publicación do contido e a obtención do mesmo por parte das persoas que o desexan ler, aínda que se desexamos protexer convenientemente a nosa propiedade intelectual o mellor será rexistralo antes de difundilo.

Entre as vantaxes dos libros dixitais, as bibliotecas virtuais acostuman estar en liña as vinte e catro horas do día sempre que non haxa problemas informáticos, e que nelas as obras poden ser descargadas ou consultadas por varias persoas a un tempo, polo que non hai que agardar que haxa exemplares dispoñibles coma no caso dos volumes en papel. Os libros dixitais ocupan espazo en disco pero non espazo físico, polo que para o caso de libros de uso pouco frecuente ou que se consulten en vez de ler pode resultar moi útil te-las versións dixitais, xa que por medio de aplicacións informáticas é factible localizar rapidamente as páxinas nas que se atopan unha ou varias palabras dadas. E a difusión pode ser moito máis rápida que se se venden en papel en librerías.

Entre os inconvenientes, apunta-lo feito de que non sabemos se os formatos informáticos nos que se están almacenando os libros dixitais hoxe van ser compatibles cos ordenadores e outros dispositivos electrónicos o día de mañá, aínda que supoñemos que no caso de futuras incompatibilidades existirá algún xeito doado de recuperar eses contidos.

Actualmente existen tres formatos básicos para os libros e publicacións dixitais que se desexan difundir libremente a través de Internet: texto, imaxe e PDF.

Moitos dos libros que compoñen os fondos das bibliotecas virtuais son reproducidos a partir de edicións en papel e neste caso o habitual é que as páxinas sexan escaneadas ('fotografadas') e que logo se pasen por un software de recoñecemento óptico de caracteres (OCR, Optical Character Recognition), unha tecnoloxía de recoñecemento de caracteres impresos ou escritos a man en formato papel. É moi empregada para incrementa-los fondos das bibliotecas virtuais porque as aplicacións informáticas de recoñecemento de textos permiten converter o que en principio é unha imaxe escaneada dunha páxina dun libro, en caracteres dos que empregan os procesadores de texto.

Conforme se foron espallando as conexións de banda ancha, as bibliotecas comezaron a ofrecer algúns libros en formato imaxe e en formato texto. O feito de que estean en formato texto permite localizar unha palabra ou expresión no seu contido, mentres que a imaxe facilita unha reprodución exacta da edición orixinal. Ademais, se se desexa facilita-la descarga dun libro completo acostúmase engadir unha versión máis en PDF.

Algúns dos formatos actuais de libro dixital son exclusivos dunha determinada compañía, como por exemplo o LIT, de Microsoft, ou o PDF de Adobe. Chámaselles formatos propietarios e para ler libros almacenados neles é preciso contar con aplicacións informáticas producidas por esas empresas. No caso do PDF, probablemente é xa o formato estándar, o máis empregado, para libros e documentos colocados para descargar desde Internet. Para abrilos precisamos

contar con aplicacións coma a gratuíta facilitada por Adobe ou con módulos de balde que achegan os navegadores de Internet, por exemplo. O beneficio sácao o fabricante vendendo a aplicación que se precisa para crear ese tipo de documentos, aínda que xa existen aplicacións alternativas para crear arquivos PDF sen empregala.

A evolución e converxencia de tecnoloxías durante os vindeiros anos decidirá se este seguirá sendo o formato máis popular, e sobre todo serán anos cruciais para saber se o tradicional libro en papel subsistirá sen problemas ou se comezarán a lanzarse simultaneamente edicións en papel e dixitais das novidades editoriais. O éxito ou fracaso de novos dispositivos electrónicos que están a piques de chegar ó mercado ou que o farán proximamente será a clave.

3. Sobre os libros dixitais galegos

Unha das razóns que explica a proliferación na rede de libros dixitais é que resulta posible legalmente dixitalizar obras sobre as que xa non hai dereitos de autor, isto é, que son de dominio público. E seremos quen de atopar igualmente obras das que foron cedidos os dereitos para unha edición dixital en concreto e de acordo con certas condicións –protección total dos dereitos ou cesión parcial dos mesmos– Pódese optar por manter tódolos dereitos outorgados pola Lei de Propiedade Intelectual ou facilita-la difusión e emprego da obra empregando a licenza Creative Commons, moi de moda ultimamente, sen que por iso se perdan os dereitos básicos de propiedade intelectual.

Como era de esperar, hai quen dixitaliza obras sen consentimento das persoas titulares dos dereitos de autor, pero polo xeral estas soamente están dispoñibles durante unha pequena tempada na rede, e en calquera caso estudar este fenómeno non é o obxectivo deste texto.

Facer un catálogo de publicacións dixitais producidas en Galicia é unha tarefa polo de agora inacabable porque continuamente aumenta o número de webs e blogs que achegan edicións dixitais da

BVG ← Atrás Procurar nas obras deste autor a palabra ou frase: Buscar

Manuel García Barros
(1876 - 1972)



Biografía	Obras
<p>Manuel García Barros naceu en Berres (A Estrada), onde transcorreu a súa infancia e parte da mocidade. Realizou os seus estudos de Maxisterio, como alumno libre, na Escola Normal de Santiago de Compostela.</p> <p>En 1906 saíu á rúa o xornal <i>El Estradense</i>, do que García Barros foi fundador e director. Nos primeiros anos do século foi nomeado vicepresidente da Federación Sindical Agrícola do concello da Estrada e na década de vinte iniciou a súa colaboración no xornal <i>O Emigrado</i> coa sección 'Contos da terra'. En 1923 conseguiu unha praza oficial como mestre e foi destinado á parroquia de Rubiá; uns meses despois asinaba co pseudónimo Ken Keirades os seus artigos anticlericais, que publicou no apartado 'Rexoubas' do <i>Emigrado</i>.</p> <p>Ao longo da súa vida xornalística foron frecuentes os problemas coa xustiza e determinados sectores da política e da vida social da zona. No ano 36, viuse obrigado a interromper a súa colaboración con <i>O Emigrado</i>, publicación que continuará a se editar nunha liña máis aproximada ao novo réxime político. Alén disto, foi suspendido de emprego e soldo como mestre, e catro anos máis tarde unha orde ministerial amedunou definitivamente do ensino.</p> <p>A única peza teatral da súa autoría, <i>Carta da Habana</i>, foi encenada no Nadal de 1926 e, cinco anos despois, publicou <i>Contos da Terra</i>, texto financiado economicamente polas Sociedades de Emigrados da Estrada en Bos Aires e A Habana. A novela <i>As Aventuras de Alberto Quiñó</i> (concluída en 1942) só verá a luz postumamente, trinta anos após a súa redacción. En 1952 O Centro Cultural do Partido da Estrada sacou á luz a segunda edición de <i>Contos da Terra</i>, convertida xa nun dos clásicos literarios da época.</p> <p>Ken Keirades recibiu galardóns en varios certames literarios; así, gañou o certame literario promovido pola Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, co conto <i>O fútbol en Malpocados</i>; o seu cartaz <i>Falemos na nosa fala</i> obtivo o primeiro premio no Certame de Exaltación da Muller Galega, celebrado en Pontevedra en 1929, do mesmo xeito, <i>As Aventuras de Alberto Quiñó</i> recibirían unha mención especial no Certame Literario do Centro Galego de Buenos Aires de 1949. Desde 1957 o escritor estradense foi correspondente da Real Academia Galega.</p> <p>Manuel García Barros faleceu en 1972. Postumamente foron publicados dous volumes con relatos inéditos do escritor estradense: <i>Enredos</i> (2000), libro que contén unha serie de contos intitulados <i>Flunchos</i> que o autor escribira</p>	

totalidade ou parte dun volume. Con todo, si existen varios sitios web con vocación de biblioteca e que ofertan para a súa consulta ou descarga desde unhas poucas ducias ata máis dun milleiro de obras non só libros, tamén relatos, audiolibros, etc-.

Boa parte deles soamente son consultables, é dicir, que forman parte dunha base de datos, e cando accedemos a ela mediante unha aplicación de busca podemos saber en que páxinas figuran determinadas palabras e mesmo le-lo parágrafo enteiro no que aparecen, pero non ler completo o libro. Isto é así para cumprir coas leis no caso dos volumes que aínda non son de dominio público, e sen dúbida o mellor exemplo é o Tesouro Informatizado da Lingua Galega (<http://www.ti.usc.es/TILG>). Con case 1.500 obras dixitalizadas, o TILG permítenos localizar palabras ou frases e libros e documentos galegos e en galego desde 1612 ata a actualidade, e se logo queremos consulta-lo documento ou libro podemos ir á biblioteca ou a unha librería e localizalo coas referencias facilitadas.

No caso dos libros descargables ou que se poden ler en liña temos iniciativas coma a da Biblioteca Virtual Galega (<http://www.bvg.udc.es>), cuns 1.400 documentos dixitalizados

entre libros, audiolibros, relatos, poemas e outros textos de autoras e autores clásicos e contemporáneos.

Así pois, en Internet non nos han faltar lecturas, sexa para imprimir en papel, para ver ou consultar no ordenador ou para lelas en calquera outro dispositivo electrónico que nolo permita -asistentes dixitais persoais, teléfonos móbiles, etc-.

O procedemento máis rápido para localizar unha obras moitas veces é acceder á web dun buscador coma www.google.es e poñer na caixa de busca o título dun libro e se acaso datos referentes ó autor ou autora. Se así non se atopa nada, unha solución alternativa é visitar webs de bibliotecas dixitais por se dispuxesen da obra que buscamos en formato dixital. Destas webs imos falar agora.

4. Bibliotecas virtuais

Da mesma maneira que hai bibliotecas na vida real, hainas no mundo virtual. Nas que contan con sede física, encontraremos libros en soporte papel e se cadra nalgún outro soporte físico, polo que poderíamos chamarlles a estroutros contidos biblioteca dixital: cassettes ou CD –audiolibros–, vídeo ou DVD –videolibros–, disquetes, CD-ROM ou DVD-ROM –libros electrónicos–. Nas bibliotecas virtuais ou dixitais en liña, é dicir, accesibles a través de Internet, obtendremos contidos dixitalizados en diferentes formatos –texto, audio, vídeo, imaxes– que á súa vez poderán trasladarse a algún dos soportes físicos antes mencionados ou simplemente consúltalos en calquera dispositivo electrónico apropiado.

E hai outra diferenza entre as bibliotecas físicas e as virtuais. Nas primeiras, polo xeral os contidos que gardan e ofertan xa veñen elaborados, mentres que nas segundas poden facer iso, pero tamén resulta habitual que unha ou varias persoas se dediquen a dixitalizar libros ou a solicitarlles contidos a autores e autoras para incrementar os fondos da colección, o que fai que debido a iso conte con fondos que non ten ningunha outra biblioteca virtual. E sen dúbida,

todo isto que estamos aplicando ás bibliotecas virtuais sería válido para algunha librería virtual, coa diferenza de que neste último caso é máis probable que nos cobren dalgún xeito polos contidos.

Chegados a este punto queremos advertir que hai unha diferenza entre biblioteca dixital e biblioteca virtual. As dúas son coleccións de libros, pero a dixital pode, por exemplo, estar dispoñible só nun CD-ROM ou DVD. A virtual é tamén dixital pero caracterízase porque os seus contidos son accesibles a través dunha rede como Internet.

Así mesmo hai que dicir que a expresión biblioteca virtual se presta a confusión en certa medida. Pensamos que o máis axeitado é definila como aquela que ofrece algún ou a totalidade dos seus servizos en liña, a través da Internet ou doutras redes telemáticas semellantes, sexan públicas ou privadas (coma as intranets). Pero esta expresión tamén se empregou para referirse ás bibliotecas que só ofrecían os seus catálogos de xeito virtual. Pensamos que neste último caso é máis correcto falar de catálogo virtual dunha biblioteca que dunha biblioteca virtual propiamente dita.

Na edición en inglés da Wikipedia, a grande enciclopedia virtual elaborada por milleiros de internautas de todo o mundo e accesible en www.wikipedia.org, chámamlles a estes catálogos 'virtual libraries' en tanto que ás bibliotecas que ademais de catálogos ofertan contidos dixitalizados chámamlles 'digital libraries'. Pola nosa parte pensamos que non ten sentido facer esta diferenciación e si, como dixemos, distinguir entre bibliotecas virtuais/dixitais e catálogos virtuais/dixitais.

A primeira biblioteca/catálogo virtual de Internet foi creada en 1991 por un dos 'pais' da rede, o físico Tim Berners-Lee, e hoxe en día pode accederse a ela desde <http://vlib.org>. Trátase dun directorio de recursos en Internet agrupados por categorías.

En canto ó primeiro proxecto de biblioteca dixital, dise que Michael Hart comezou co seu proxecto Gutenberg en 1971, e hoxe, coa axuda de centos de voluntarios, achega máis de 18.000 libros en www.gutenberg.net.

The screenshot shows the search results for 'Maxina; ou a filla espurea.' on The European Library website. The page is in English and displays results from various national libraries. The search results table is as follows:

Country	Library Name	Count
UK	British Library integrated catalogue	4
DE	Online catalogue of the German National Library	0
PT	Collections from the National Library of Portugal	0
NL	General Catalogue Koninklijke Bibliotheek	0
FI	HELKA - Union catalogue of all Helsinki University libraries	0
CH	HELVETICAT - the catalogue of the Swiss National Library	0
SI	KANJIK: the catalogue of the Slovene National and University Library	0
IT	SRN OPAC	0

The main record shown is from the British Library integrated catalogue. It includes the following details:

- Title:** Maxina; ou a filla espurea.
- Author:** VALLADARES LUÑO-EZ, Marcial.
- Type:** text
- Language:** Galician
- Publisher:** Vigo: Galaxia, 1970.
- Location:** British Library

Additional information includes '4 objects with (maxina) have been found in British Library integrated catalogue.' and a list of services: 'AVAILABLE AT LIBRARY' (Denmark, Hungary, Netherlands, United Kingdom, All countries), 'Save in favourites', 'Send by E-mail', and 'Print'.

Help text on the right side of the screen explains the search results layout and provides instructions on how to refine the search and view records from other collections.

5. Bibliotecas virtuais galegas con obras de autores e autoras estradenses

A seguir achégase unha listaxe de webs galegas que dispoñen de volumes dixitalizados para a súa consulta ou descarga. Sen dúbida son unha ferramenta formidable para o ensino, tanto en aulas físicas como en aulas virtuais -cada vez é máis importante o teleensino-. Como se apunta no título, excluíronse aquelas bibliotecas virtuais galegas ou webs onde máis dificilmente se van atopar contidos referentes á Estrada ou á literatura estradense.

Biblioteca dixital de Galicia

<http://www.csbg.org/bibliotecadixital/asp/index.asp>

Dependente do Centro Superior Bibliográfico de Galicia da Consellería de Cultura, "pretende ofrecer, ademais da referencia Bibliográfica dos impresos, a imaxe e polo tanto o acceso ó documento dunha importante parte do Patrimonio Bibliográfico Galego ou de interese para Galicia". Na web está previsto dar acceso a cartografía, gravados, manuscritos, monografías e prensa. Polo de agora

só están activos o apartado de cartografía –varios centos de mapas de Galicia ou de zonas da comunidade– e o de prensa –reprodución de páxinas de máis de cen cabeceiras de prensa galegas que xa non se editan hoxe en día–. No caso da prensa, nalgunhas publicacións o contido pode consultarse en formato texto (en termos técnicos texto ASCII), PDF e imaxe (TIFF).

Sería interesante que no apartado de monografías se creara xa un directorio de todos aqueles libros dixitalizados que consellerías, institutos e outros organismos da Xunta de Galicia ou dependentes dela van publicando nas súas webs de xeito independente.

No apartado de prensa está dixitalizada parte da colección do periódico estradense ‘El Emigrado’, en concreto exemplares publicados entre 1927 e 1935 –a publicación en papel durou de 1920 a 1940–. E no apartado cartográfico podemos consultar reproducións en miniatura de mapas deseñados por José Dionisio Valladares, o pai de Marcial e Avelina.

Biblioteca virtual da Estrada

<http://www.aestrada.com>

Na web do Concello da Estrada, no apartado de Cultura e subapartado Persoeiros das letras podemos atopar varias obras ou fragmentos de obras para descargar, entre elas ‘Maxina ou a filla espúrea’ de Marcial Valladares.

Biblioteca virtual Galega

<http://www.bvg.udc.es/>

Naceu no ano 2002 coa idea de "chegar a ser o grande Portal Web da literatura e a cultura galegas", tal como se explica na web, e desde aquela xa recibiu máis dun millón de consultas. A iniciativa iniciouna un grupo de traballo interdisciplinar de especialistas en Filoloxía Galego-Portuguesa e Informática (Laboratorio de Bases de Datos) da Universidade da Coruña, que contan coa colaboración de numerosas persoas e institucións para ir incrementando os fondos. A

directora do equipo filolóxico é Pilar García Negro e a directora do equipo informático Nieves R. Brisaboa.

O sitio web está aloxado nos servidores da Universidade da Coruña e achega obras completas e fragmentos en formato textual, imaxe (reproduccións fotográficas das páxinas), audio e audiovisual, así como biografías de autores e autoras. Cremos que é a biblioteca virtual feita en Galicia máis completa: dispón de obras de narrativa, poesía, teatro, literatura infantil e xuvenil, ensaios e outros xéneros. O catálogo é de fácil acceso e podemos consultar por autoría, por título, por xénero, por formato...

Inclúe tanto textos completos de descarga libre como fragmentos de libros ou textos cedidos polos seus autores e autoras, e suxeitos á lexislación vixente neste eido. Entre libros, textos e contido noutros formatos, nesta biblioteca hai xa preto de 1.400 documentos. Hai desde relatos de Manuel García Barros como 'Eu vin unha vez a Curros' ata poemas de Avelina Valladares como 'A Ulla'.

Centro Ramón Piñeiro

<http://www.cirp.es>

A web do compostelán Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ten un apartado de recursos en liña con bases de datos en liña de libre acceso para investigadores que inclúen milleiros de documentos textuais de diferentes épocas e referencias bibliográficas. Trátase de MedDB, base de datos da lírica profana galego-portuguesa; Bilega, bibliografía informatizada da lingua galega; Corga, corpus de referencia do galego actual do que existen dúas versións, para as cales se dixitalizaron libros galegos e outro tipo de textos, e Codolga (Corpus documentale latinum gallaeciae).

Cultura Galega.org

<http://www.culturagalega.org>

O soportal LG3 de Culturagalega.org dispón de preto de 200 documentos para descargar, a maioría deles procedentes da biblioteca vir-

tual do Consello da Cultura Galega. Atopamos obras coma 'O exilio galego. Unha primeira achega'. Elaborado polo Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega, este volume contén relatos de vida de 2.100 exiliados galegos da Guerra Civil, entre eles estradenses.

Instituto da Lingua Galega

<http://www.usc.es/ilgas>

O Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago dispón de dúas xoias de grande interese para as persoas dedicadas á investigación en humanidades: o Tesouro Informatizado da Lingua Galega (<http://www.ti.usc.es/TILG>) e o Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega, que está aloxado na web do Centro Ramón Piñeiro (<http://corpus.cirp.es/tmilg>).

O director do proxecto do Tesouro Informatizado da Lingua Galega, que comezou en 1986 co apoio da Consellería de Educación, é o académico e ex director do ILG Antón Santamarina. Os textos incluídos nesta base de datos están escritos en lingua galega, e van "desde o 'Soneto' de Pedro Bázquez de Neyra recollido na 'Relación de las exequias que hizo la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Magestad de la Reina D^a Margarita de Austria nra. Señora', de 1612, ata a actualidade (varios textos de 2002)', segundo se informa na propia web. O número de obras incluídas ata o mes de novembro de 2004 é de 1.464, "que van desde a extensión dunha décima ata moitos centos de páxinas".

Aquí non podemos consultar un libro completo, pero si saber en que páxina e en que liña dunha obra das que están dixitalizadas aparece unha palabra ou palabras, o que pode ser de grande axuda á hora de buscar información ó redor dun tema determinado. Como veremos máis adiante, este proxecto ten algunhas similitudes co do portal Google, xa que neste último tamén hai obras que non se poden consultar completas debido ós dereitos de autor.

Buscando por Estrada na web do TILG xa aparecen centos de referencias, por poñer unha citaremos 'Gallegada. Tradicións, costu-

REAL ACADEMIA GALEGA

Información da RAG | Día das Letras Galegas | Biblioteca | Arquivo | Axenda | Ligazóns

BIBLIOTECA VIRSUAL

Obras
Procurar

Biblioteca da RAG
Hemeroteca da RAG
Publicacións da RAG

Valer ao índice de obras

Ficha da obra

Título: Cantigueiro popular
Época: XIX
Autor: Valladares, Marcial
Observacións: Edición dun manuscrito datado en 1867. Fondos da Real Academia Galega.

Versións en liña da obra

- Versión en texto

A catalogación, publicación e dixitalización das obras da Biblioteca Virtual Real Academia Galega foi posible grazas ao convenio de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria (Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información).

© 2008 Real Academia Galega

mes, tipos e contos d'a terra. Tomo I' de Valentín Lamas Carvajal, onde algúns personaxes son da Estrada.

En canto ó Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TILG), dirixido por Xavier Varela, é un proxecto do ILG que permite consultar a presenza de determinada palabra ou palabras na documentación medieval dixitalizada.

Real Academia Galega

<http://www.realacademiagalega.org>

A centenaria institución con sede na Coruña dispón de tres apartados na súa web desde os que se poden descargar documentos: biblioteca virtual, hemeroteca virtual e publicacións. Na biblioteca virtual podemos consultar polo de agora 25 obras, como o 'Cantigueiro popular' de Marcial Valladares. Na hemeroteca virtual hai 29 publicacións, entre elas 'Diario de Santiago' ou 'A Fuliada'. No apartado de publicacións, podemos descarga-lo discurso de ingreso na RAG de varios académicos e na web da Academia están así mesmo os catálogos tanto da biblioteca coma da hemeroteca da institución.

6. Outras webs galegas que achegan libros dixitais

Non son bibliotecas, pero poñen o seu grao de area virtual para incrementa-lo patrimonio bibliográfico galego en Internet. Persoas, empresas e entidades varias fan que este medre de xeito continuo. Evidentemente esta é só unha escolma, pois polas características de Internet semella case imposible a día de hoxe confeccionar unha relación exhaustiva de webs onde hai libros virtuais sobre un tema determinado.

Arquidiocese de Santiago

<http://www.archicompostela.org>

A web da Arquidiocese de Santiago achega en formato dixital a 'Guía diocesana' con información sobre as parroquias que a integran, entre elas as estradenses.

Cantigas de Santa María

Hai varias webs en Internet que nos presentan a totalidade ou unha escolma: en <http://www.pbm.com/~lindahl/cantigas> temos unha reprodución facsimilar do orixinal das 'Cantigas de Santa María' de Afonso X o Sabio; en <http://myschwerk.webzdarma.cz/cantigas.html> ofrécese en edición bilingüe en galego e mais en checo unha selección e hai ademais outro apartado dedicado ás cantigas de amigo en <http://myschwerk.webzdarma.cz/cantamigo.html>; en http://www.3to4.com/Cantigas/e_index.html hai outra web cun índice en inglés e o resto do texto en xaponés, que mostra reproducións de imaxes das 'Cantigas'; finalmente <http://brassy.club.fr/PartMed/Cantigas/CSMIDI.html> é unha web en francés sobre as 'Cantigas de Santa María'. http://www.3to4.com/Cantigas/e_index.html. José Sanmartín, na páxina 45 de 'Un país chamado A Estrada' (Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 1997) apunta a posibilidade de que cando menos unha cantiga se refire a terras estradenses, en concreto a Ribela.

CESGA

<http://www.cesga.es>

A falta de atlas dixitalizados, ben pode valer o servidor de mapas do Cesga, visitable en <http://www.cesga.es/content/view/498/84/lang,gl> e que mostra sinxelos mapas interactivos de Galicia (físico, administrativo e de solo empresarial) e do mundo (físico e político). Hai outras publicacións dixitais para descargar, galegas e non galegas, desde a revista 'Díxitos' ata informes técnicos. Neste apartado explica que formatos son máis axeitados para crear libros dixitais: <http://www.cesga.es/content/view/397/48/lang,gl>.

Galiciaencantada.com

<http://www.galiciaencantada.com>

Enciclopedia da fantasía popular de Galicia que a través da súa páxina web amosa lendas tradicionais e recolle as que envían as persoas que o desexan. Temos, entre outras, a do Penedo do Lagarto do Monte da Rocha, de San Miguel de Curantes, ou a da Cruz do Raposo de Santa Mariña de Agar, as dúas parroquias estradenses.

Galipedia

<http://www.galipedia.org>

Un dos proxectos nados ó abeiro da coñecida enciclopedia en liña Wikipedia (www.wikipedia.org). A Galipedia comezouse o 8 de marzo do 2003. Con máis de 16.000 voces, podemos atopar nela información sobre A Estrada e sobre estradenses. Un proxecto irmán é o dicionario galego en liña Galizionario (<http://gl.wiktionary.org>) e tamén están os Galilibros (<http://gl.wikibooks.org/wiki/Portada>).

Universidade de Santiago

<http://www.usc.es>

A Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago ten no seu sitio en Internet a disposición dos internautas oito volumes dixitalizados

que achegan bibliografía sobre os autores homenaxeados no Día das Letras Galegas en 1992 e 1993 e de 2000 a 2005 en http://busc.usc.es/A_BUSC_dixital/letrasga.asp. A do ano 1992 é a correspondente a Fermín Bouza-Brey, quen como é sabido foi xuíz na Estrada. O catálogo da biblioteca física pódese consultar en <http://busc.usc.es>.

Xunta de Galicia

<http://www.xunta.es>

Na web da Xunta de Galicia atoparemos múltiples publicacións dixitais en distintos formatos e en distintos apartados. Na portada, por exemplo, temos a 'Toponimia de Galicia', como base de datos, aínda que tamén existe como publicación en papel. Móstranos tódolos nomes de lugar e das parroquias estradenses, así como os do resto de Galicia.

E practicamente cada consellería ou departamento pon na rede publicacións dixitais. Atoparemos desde o 'Diccionario da Real Academia Galega' e 'Diccionario de pedagogía' na de Educación en <http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index.html> ata os informes do Instituto Galego de Estatística.

7. Bibliotecas virtuais españolas

Como no caso das galegas, incluímos neste apartado webs que son bibliotecas virtuais ou cando menos dispoñen dun apartado de biblioteca, así como arquivos con documentos dixitalizados de interese para usuarios e usuarias da Estrada.

Archivos españoles en red

<http://www.aer.es>

Milleiros de documentos históricos dixitalizados e catálogos en liña de arquivos estatais. Entre os documentos hai moitos referidos a Galicia e por suposto tamén á Estrada, por exemplo preitos ou autorizacións a pasaxeiros para embarcar para as Indias.

Biblioteca de recursos de Universia

<http://biblioteca.universia.net>

O portal universitario iberoamericano Universia achega unha biblioteca de recursos de aprendizaxe dixitais composta por máis dun millón de documentos. É preciso rexistrarse para empregala. Buscando por 'A Estrada' varias referencias, polo que pode ser interesante utilizala.

Biblioteca Nacional

<http://www.bne.es/esp/catalogos/coleccionesdigitales.htm>

A BNE dispón dun servizo de biblioteca dixital na que hai milleiros de libros, manuscritos, documentos, revistas, periódicos, gravados, debuxos, fotografías, mapas, planos, partituras e gravacións sonoras. De interese para os usuarios da Estrada son, entre outros moitos fondos, os mapas antigos de Galicia que amosan distintas poboacións situadas nas terras que hoxe compoñen o concello. Por suposto, a BNE achega o catálogo virtual dos seus fondos físicos, xa na portada: <http://www.bne.es>.

8. As grandes bibliotecas virtuais internacionais

A seguir imos achegarnos a dous grandes proxectos de bibliotecas dixitais que están en distintas fases de desenvolvemento e que poden resultar de interese coñecer a pesar de que polo momento non se lle vaia sacar tanto rendemento como dentro duns anos.

Print, o proxecto de Google

<http://books.google.com>

A propia Internet no seu conxunto é considerada como a maior biblioteca da humanidade, cos contidos repartidos en innumerables servidores e cos buscadores como os seus catálogos. Para o buscador

Google "Airiños da Ulla" Búsqueda de libros Búsqueda avanzada de libros
Búsqueda de libros de Google - Avanza

[Volver a los resultados de la búsqueda](#) [Vista de fragmentos](#) - [Más información](#)

1 referencia a "Airiños da Ulla" en este libro Página 59

PRENDOR), *Leandro Carré* (A RUIN MATERIA, A PRIMEIRA CONQUISTA, PRA VIVIR BEN DE CASADOS), *Núñez Rodríguez*, «Lameiro», *Villar Ponte*, *Joleteo Rouza*, *Quenda Airiños da Ulla do Estrado*

[¿Dónde está el resto de este libro?](#)

Sinopsis
 Bibliography: p. 229-253.

Información relacionada
[Búsqueda en la web de críticas sobre O teatro galego](#)
 Otras páginas web relacionadas con O teatro galego

Información bibliográfica
 Título: O teatro galego
 ISBN: 8474920132
 Editorial: Edicións do Castro
 Autor(es): Manuel Lourenzo, F. (Francisco) Pillado Mayor
 Fecha de publicación: 1979
 Páginas: 253

O teatro galego
 Autor Manuel Lourenzo, F. (Francisco) Pillado Mayor

Comprar este libro
[Amazon.com](#)
[Barnes & Noble.com](#)
[BookSims.com](#)
[Casa del Libro](#)
[Froogle](#)
[Amazon UK](#)
[El Corte Inglés](#)

Buscar este libro en una biblioteca

Buscar en este libro
 "Airiños da Ulla"

[Acercas de la Búsqueda de libros de Google](#) - [Información para editores](#) - [Enviar comentarios](#) - [Google Página principal](#)
 ©2006 Google

Google iso non era suficiente e por iso comezou o proxecto Print (<http://books.google.com>) en decembro do ano 2003. Aspira a se-la maior biblioteca virtual da humanidade, con quince millóns de libros dixitalizados ata o ano 2015. Para chegar a esa enorme cantidade conta con acordos con varias importantes bibliotecas –as das universidades de Michigan, Harvard, Stanford e Oxford e a Biblioteca Pública de Nova York– que cederán os seus fondos para ofrecelos dixitalizados a través do portal, e creou ademais un programa de afiliación para editoriais que lles permite ofrecer os seus libros –recentes ou procedentes do seu fondo editorial– a través do mesmo.

Os libros sobre os que xa ninguén ten dereitos de autor pódense consultar completos. E para os casos nos que estes aínda non caducaron, Google ten dúas fórmulas, unha para libros fornecidos por editoriais, que deixa ver enteiras soamente un número reducido de páxinas da publicación, e outra para libros sobre os que existen dereitos de autor e que proceden dalgunha desas bibliotecas, que consiste en amosar soamente unhas poucas liñas da páxina ou páxinas onde aparecen a palabra ou palabras que buscamos. Unha terceira fórmula que vemos que está adoptando é mostrar soa-

mente os datos do libro nos que aparecen a palabra ou palabra que buscamos, sen mostrar ningún fragmento: sabemos que atoparemos aí o contido que nos interesa pero teremos que ir á biblioteca ou á librería.

Ante as críticas de editoriais e de persoas titulares de dereitos — non necesariamente os propios autores ou autoras—, está por ver se os tribunais estadounidenses lle permiten á empresa manter estas fórmulas ou se pola contra deberá retirar todos aqueles libros sobre os que existen aínda dereitos de autoría. A compañía xa advirte que para estes volumes en concreto a intención non é ofrecelos completos, senón facilita-la localización da información, para que despois os podamos consultar en bibliotecas ou mercar en librerías se o desexamos.

Un exemplo de libro do que só podemos ver un fragmento é ‘O teatro galego’, de Manuel Lourenzo e Francisco Pillado Mayor, no que se menciona o coro Airiños da Ulla da Estrada.

A iniciativa de dixitalización de libros de Google provocou dúas reaccións a grande escala: primeiro a de varios países europeos (<http://www.theeuropeanlibrary.org>), temerosos de que o predominio da cultura en lingua inglesa sexa prexudicial para a cultura noutras linguas, e máis recentemente a dos competidores de Google agrupados na Open Content Alliance (<http://www.opencontentalliance.org>, a Alianza do contido aberto, en tradución literal), que planean ofrecer contidos no último trimestre de 2006.

A Biblioteca dixital europea

<http://www.theeuropeanlibrary.org>

No 2004, meses despois de anunciar Google o comezo do seu proxecto, houbo unhas primeiras xuntanzas de alto nivel entre representantes de Francia, España, Alemaña, Italia, Hungría e Polonia, países que solicitaron en varias reunións no 2005 o apoio do resto dos estados europeos, e deste xeito, o 14 de novembro dese ano o consello de ministros de Cultura europeos celebrado en Bruxelas apoiou de forma unánime que se cree unha biblioteca

dixital europea. Está dando os seus primeiros pasos trala creación dun 'comité de pilotaxe' que se encarga de facer un informe sobre o que debe ser esta institución, e poñendo a disposición dos internautas na rede o portal www.theeuropeanlibrary.org, desde o cal se pode consultar simultaneamente os catálogos informatizados das bibliotecas nacionais alemá, británica, checa, croata, dinamarquesa, eslovaca, eslovena, finesa, francesa, holandesa, húngara, italiana, lituana, portuguesa, serbia e suíza, catálogos que remiten fundamentalmente a obras en papel e a algunhas dixitalizadas, pero é un primeiro paso. A biblioteca non está restrinxida ós países da Unión Europea, senón aberta a outros coma Serbia ou Suíza que teñen diversos vínculos coa UE.

A Comisión Europea non quixo partir de cero, senón que se optou por facilitar un acceso integrado desde unha web multilingüe ó material xa dixitalizado polas institucións culturais europeas, e non só bibliotecas, senón tamén arquivos ou museos entre outras. Ademais de libros dixitalizados, o proxecto europeo contempla ofrecer material audiovisual, fotografías e reproducións de documentos conservados en arquivos.

Durante os primeiros catro anos, agárdase que se invistan no proxecto entre 200 e 250 millóns de euros que asumirán os estados membros e a Unión.

Para o 2008 espérase xa que exista un acceso único a través do portal multilingüe a tódolos catálogos das bibliotecas nacionais europeas e un mínimo de dous millóns de obras dixitalizadas, incluíndo libros, imaxes, arquivos de son, etc. As expectativas para o 2010 son a incorporación das coleccións de arquivos, museos e outros bibliotecas, e posiblemente editoriais, ofrecendo xa acceso a uns seis millóns de documentos dixitalizados, número que podería ser maior se se consegue a participación nesta biblioteca europea de institucións locais. Os 138 millóns de usuarios rexistrados nas bibliotecas europeas terán así un acceso doado a catálogos e a fondos dixitalizados.

Por medio do buscador, sabemos que na Biblioteca Británica ou British Library hai un exemplar en papel de 'Maxina ou a filla espúrea' editado por Galaxia en 1970. E é só un exemplo do que a web dará de si no futuro.

9. Outros proxectos de interese

Polo elevado número de volumes que achegan, pode ser interesante consultar estoutras bibliotecas dixitais, aínda que nunha revisión rápida semellan non dispoñer de ningunha ou de moi poucas obras de autores e autoras estradenses:

<http://bnd.bn.pt>

<http://gallica.bnf.fr>

<http://libro.uca.edu>

<http://www.archive.org>

<http://www.bibliotecasvirtuales.com>

<http://www.bl.uk/treasures/treasuresinfull.html>

<http://www.britannica.com>

<http://www.cervantesvirtual.com>

<http://www.gutenberg.net>

<http://www.ibiblio.org>

<http://www.literature.org>

<http://www.loc.gov>

<http://www.opencontentalliance.org>

<http://www.ulib.org>

10. Pensando no futuro

As bibliotecas virtuais sen dúbida gañarán protagonismo no futuro, especialmente aquelas que contarán con máis fondos, coma as de carácter internacional. Pero a rede é moi grande e hai sitio para multitude de proxectos mediante os cales se irán dando a coñecer as obras de autoras e autores da Estrada. A dixitalización de textos para

a súa difusión pola rede favorecerá así que se coñezan e recuperen obras que en moitas ocasións quedan no esquecemento. Para a literatura estradense, a galega e calquera outra que bote man das vantaxes das novas tecnoloxías, as posibilidades que se abren son enormes e só queda saber aproveitalas.